

**INFORME DE DATOS DA COMPOSICIÓN DE
MULLERES E HOMES DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

(2009-2014)

Ano 2015

Índice

Introdución.....	4
ALUMNADO	5
Alumnado matriculado por titulación	9
Doutoramento	16
Rendemento académico.....	20
Asesoramento laboral.....	21
Programa para maiores	22
Bolsas alumnado	23
PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR	25
PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	42
CONCILIACIÓN	45
ESCOLAS DEPORTIVAS E ACTIVIDADES DE LECER E RECREACIÓN	47
FORMACIÓN EN IGUALDADE	49
Anexo I: Índice de gráficos e táboas.....	51

INTRODUCCIÓN

Recóllese a continuación un informe que consiste nunha actualización de datos cuantitativos xerais da composición da Universidade de Vigo desde unha perspectiva de xénero.

Preséntanse datos sobre os tres colectivos da Universidade: o alumnado, o persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos. O obxectivo deste informe é aportar unha panorámica xeral da composición da Universidade de Vigo desde o ano 2009 ata o 2014, que poida ser de utilidade para unha análise da evolución deses tres colectivos.

Realizouse unha explotación de datos estatísticos que a propia institución proporciona, a través da Unidade de Estudos e Programa e da páxina web e doutros documentos da Universidade. A través destes datos analizaranse as fendas de xénero e as diferenzas que continúan a observarse entre homes e mulleres no alumnado, PDI e PAS, mostrando, sempre que a dispoñibilidade dos datos o fai posible, a evolución a través dos anos de ditas diferenzas. Hai que sinalar que non se recolle unha análise pormenorizada de toda a información relativa á persoas que compoñen a Universidade, senón que o que se presenta a continuación é unha imaxe de conxunto dalgúns dos datos principais do alumnado, PDI e PAS.


ALUMNADO

En primeiro lugar, preséntanse os datos referentes á evolución do alumnado desde o curso 2009-2010 ata o curso 2013-2014. Desde o curso 2009-2010 o volume total de alumnado descendeu lixeiramente (en 324 persoas). Con respecto á distribución por sexo hai que dicir que desde o ano 2009, a porcentaxe de mulleres foi tamén descendendo lixeiramente ata situarse no curso 2013-2014 no 50,7 %.

Táboa 1. Evolución do alumnado por sexo, 2009-2014

	TOTAL	Mulleres	Homes	% Mulleres	% Homes
2009-2010	20867	10968	9899	52,6	47,4
2010-2011	21033	10941	10092	52,0	48,0
2011-2012	20483	10559	9924	51,6	48,4
2012-2013	20717	10636	10081	51,3	48,7
2013-2014	20539	10418	10121	50,7	49,3

Gráfico 1. Evolución do alumnado por sexo, 2009-2014



Se analizamos a presenza do alumnado por ámbitos e sexo, observamos unha diversidade importante. A continuación podemos consultar graficamente como, agás o ámbito Tecnolóxico cunha maior presenza de homes, todos os ámbitos teñen unha maior porcentaxe de mulleres sendo os de Ciencias da Saúde e Artes e Humanidades, tradicionalmente feminizados, os de maior diferenza porcentual.

Táboa 2. Alumnado por ámbito e sexo, 2013-2014

	Mulleres	Homes	Total	% M.	% H.
Artes e Humanidades	1314	519	1833	71,7	28,3
Ciencias	759	532	1291	58,8	41,2
Ciencias Sociais e Xurídicas	5839	3544	9383	62,2	37,8
Tecnoloxía	1646	5257	6903	23,8	76,2
Ciencias da Saúde	860	269	1129	76,2	23,8
TOTAL	10418	10121	20539	50,7	49,3

Hai que sinalar que só o ámbito da Tecnoloxía se atopa masculinizado, aínda que dun xeito moi importante, sendo este ademais o ámbito cun importante volume de alumnado, só por detrás do ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas; tal e como podemos observar xusto abaixo.

Gráfico 2. Distribución do volume de alumnado por ámbitos e sexo, 2013-2014




Gráfico 3. Ámbito de Artes e Humanidades. Distribución por sexo, 2013-2014




Gráfico 4. Ámbito de Ciencias. Distribución por sexo, 2013-2014




Gráfico 5. Ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas. Distribución por sexo, 2013-2014




Gráfico 6. Ámbito da Tecnoloxía. Distribución por sexo, 2013-2014





Gráfico 7. Ámbito de Ciencias da Saúde. Distribución por sexo, 2013-2014



Desde o curso 2009/2010 ata o 203/2014 apenas se deron cambios na porcentaxe de homes e mulleres nos diferentes ámbitos de coñecemento. A súa distribución é moi estable ao longo do período analizado, baixando lixeiramente a porcentaxe de mulleres nos ámbitos de Artes e Humanidades, Científico e Xurídico- Social e subindo, tamén lixeiramente, no ámbito Tecnolóxico.

Táboa 3. Evolución do alumnado matriculado. Distribución porcentual por ámbito e sexo

	Artes e Human.		Científico		Xur.-Soc.		Tecnol.		C. Saúde	
	%H.	%M.	%H.	%M.	%H.	%M.	%H.	%M.	%H.	%M.
2009/2010	28,3	71,7	41,2	58,8	37,8	62,2	76,2	23,8	23,8	76,2
2010/2011	25,6	74,4	39,3	60,7	34,6	65,4	75,2	24,8	21,8	78,2
2011/2012	26,0	74,0	38,4	61,6	36,8	63,2	75,9	24,1	23,8	76,2
2012/2013	26,9	73,1	38,9	61,1	37,2	62,8	75,8	24,2	23,4	76,6
2013/2014	29,5	70,5	42,2	57,8	38,2	61,8	75,9	24,1	23,8	76,2

ALUMNADO MATRICULADO POR TITULACIÓN

A continuación imos recoller a evolución do alumnado por titulación desde o ano 2009 ata o 2014, facendo referencia á porcentaxe de mulleres en cada unha das titulacións ofertadas. Dado que nese período temporal se foron introducindo os graos, en diferentes titulacións facemos a distinción entre a licenciatura e o grao. Comezaremos co ámbito de Artes e Humanidades. Como se pode observar, case tódalas titulacións se atopan feminizadas, agás a Licenciatura de Historia ou o Grao en Xeografía e Historia.

Táboa 4. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito Artes e Humanidades (1)

Curso	L. B. Artes	G. B. Artes	L. Traduc.	G. Traduc.	Filol. Inglesa
2009-2010	68,0	68,9	87,5	73,3	82,2
2010-2011	63,2	70,5	86,0	78,2	79,1
2011-2012	55,2	70,1	86,1	80,2	82,9
2012-2013	37,5	70,8	85,7	79,4	77,8
2013-2014	60	68,9	85,2	80,4	76,2

Táboa 5. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito Artes e Humanidades (2)

Curso	Est. Galego Español	Linguas Estranx.	Filol. Galega	Filol. Hispánica	L. Historia	G. Xeo. Historia
2009-2010	85,0	86,7	66,1	85,5	39,2	34,8
2010-2011	78,3	79,2	56,9	80,0	40,8	47,8
2011-2012	75,7	85,2	63,4	87,5	42,6	39,5
2012-2013	77,4	86,8	68,6	69,2	43,8	36,8
2013-2014	68,2	85,6	86,7	66,7	52,6	36,6

Con respecto ao ámbito de Ciencias, existe unha maior diversidade na distribución de homes e mulleres por titulación. Se ben a maioría das titulacións se atopan feminizadas, as titulacións de Ciencias do Mar están máis equilibradas por sexo, e a licenciatura de Física se atopa claramente masculinizada.

Táboa 6. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito de Ciencias (1)

Curso	L. C. Mar	G. C. Mar	L. Biolox.	G. Biolox.	L. Física
2009-2010	65,9	50,0	69,8	51,4	32,7
2010-2011	65,0	54,2	68,9	59,1	35,5
2011-2012	63,5	52,5	71,9	60,1	37,9
2012-2013	66,0	52,9	75,0	61,6	29,4
2013-2014	66	50	86,7	61,5	31,8

Táboa 7. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito de Ciencias (2)

Curso	L. Química	G. Química	L. C e T. Alimentos	G. C. e T. Alimentos
2009-2010	65,4	64,5	71,1	64,5
2010-2011	66,3	61,9	71,9	66,7
2011-2012	65,2	56,3	70,6	56,3
2012-2013	69,2	58,9	92,9	75,0
2013-2014	72,2	54,8	80	75

A continuación recolleemos os datos da porcentaxe de mulleres nas titulacións de Ciencias Sociais e Xurídicas. De novo, detectamos grandes diferenzas en función da titulación que analicemos: as relacionadas coas actividades físicas seguen a estar moi masculinizadas, mentres as titulacións de mestras e mestres se atopan moi feminizadas, agás a especialidade musical que sufriu unha importante diminución da presenza feminina entre o 2009 e o 2014.

Táboa 8. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas (1)

	L. Dereito	G. Dereito	LADE	GADE	L. Econ.	G. Econ.	L. Publ.
2009-2010	63,3	56,3	58,9	51,1	51,2	44,6	75,8
2010-2011	63,2	62,5	58,1	53,9	49,1	44,6	74,2
2011-2012	60,7	63,2	58,7	54,4	50,4	48,9	68,8
2012-2013	61,0	62,4	59,6	52,5	53,5	48,5	66,2
2013-2014	63,2	62,9	58,5	49,3	66,7	44,7	75,0

Táboa 9. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas (2)

	G. Publ.	L. Comun. Audiov.	G. Comun. Audiov.	L. CC. Act. Física	G. CC. Act. Física	D. Turismo
2009-2010	75,7	71,7	68,2	24,9	20,6	76,0
2010-2011	71,2	69,4	72,1	25,9	22,8	72,9
2011-2012	71,9	70,4	66,1	25,4	22,1	63,9
2012-2013	73,2	67,9	65,1	22,2	21,3	57,1
2013-2014	73,4	60,0	61,6	25,8	19,8	75,0

Táboa 10. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas (3)

	G. Turismo	D. Trab. Social	G. Trab. Social	Empres.	Gest. A. P.	D. RR. LL.	G. RR. LL.
2009-2010	76,7	83,7	87,3	57,7	58,8	69,3	67,1
2010-2011	74,4	84,3	88,1	57,3	57,1	68,1	68,9
2011-2012	73,2	78,2	85,1	57,6	100,0	65,0	68,0
2012-2013	76,1	73,7	83,8	59,8	100,0	69,0	69,9
2013-2014	72,66	80,0	82,13	59,2	100,0	78,6	68,6

Táboa 11. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas (4)

	D. Educ. Social	G. Educ. Social	D. Turismo	G. Turismo	Mestra/e Ed. Esp.	Mestra/e Ed. Fis.
2009-2010	84,7	82,9	76,0	76,7	84,2	31,2
2010-2011	83,9	85,8	72,9	74,4	78,7	35,9
2011-2012	83,3	85,8	63,9	73,2	60,0	36,1
2012-2013	75,0	82,7	57,1	76,1	57,1	6,7
2013-2014	66,7	81,10	75,0	72,6	66,7	0,0

Táboa 12. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas (5)

	Mestra/e Ed. Inf.	Mestra/e Ed. Mus.	Mestra/e Ed. Prim.	Mestra/e Ling. Estr.	Sicoped.	G. Ed. Inf.
2009-2010	91,5	53,6	77,4	71,3	78,3	94,6
2010-2011	91,2	51,8	78,2	67,6	80,3	90,7
2011-2012	90,8	45,8	75,1	53,8	82,1	91,1
2012-2013	84,7	57,9	76,6	53,3	84,1	91,2
2013-2014	60,0	25,0	65,0	75,0	76,2	90,6

Táboa 13. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas (6)

	G. Ed. Primaria	G. Dir. Xestión P.	Comercio	Consult. e Xes. Infor.
2009-2010	74,5	59,0		
2010-2011	72,1	54,2		
2011-2012	72,6	53,0		
2012-2013	71,9	53,1	56,0	70,4
2013-2014	71,65	51,35	58,5	83,3

Pasamos agora a presentar os datos da presenza porcentual de mulleres nas titulacións do ámbito Tecnolóxico. É claro que este é o ámbito máis masculinizado, e podemos apreciar como a porcentaxe de mulleres nas enxeñerías oscila maioritariamente entre o 15-30 %.

Detéctase un maior equilibrio na presenza de homes e mulleres na enxeñería en especialidade de Química Industrial, e na Enxeñería Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias.

Táboa 14. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito Tecnolóxico (1)

	Enx. Minas	Enx. Telecom.	Enx. Industrial	Enx. Informática	G. Enx. Informática	Enx. Org. Ind.	G. Enx. Org. Ind.
2009-2010	29,4	29,2	25,2	23,2	14,6	28,3	
2010-2011	28,7	28,1	24,9	23,0	15,2	30,2	47,0
2011-2012	29,5	29,5	25,9	19,3	18,8	30,0	34,5
2012-2013	32,2	28,2	26,8	21,4	18,3	30,2	36,7
2013-2014	30,8	27,0	26,3	17,4	18,1	20,8	37,8

Táboa 15. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito Tecnolóxico (2)

	G. Enx. Quim. Ind.	G. Enx. Tecn. Ind.	G. Enx. Forestal	G. Enx. Mecán.	G. Enx. Electro. Ind.	Enx. Auto. Elec.
2009-2010						29,4
2010-2011	53,2	22,2			9,8	25,0
2011-2012	53,9	25,3	14,6	11,9	14,3	5,9
2012-2013	58,4	26,8	25,7	10,1	14,5	11,1
2013-2014	48,9	26,1	29,4	10,3	15,5	0,0

Táboa 16. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito Tecnolóxico (3)

	E.T.I. Mecánica	E.T.I. Quím. Ind.	E.T.I. Electr. Ind.	E.T.I. Electricid.	E.T. Son e Im.	E.T. Telecom.	E.T. Agric.
2009-2010	13,3	51,4	13,1	12,4	29,0	20,7	52,9
2010-2011	14,6	51,7	13,7	12,5	33,8	22,7	52,4
2011-2012	15,2	47,3	13,9	13,6	34,3	21,6	55,4
2012-2013	14,9	47,6	17,5	14,5	32,9	21,3	60,0
2013-2014	13,7	45,3	17,3	12,7	33,3	15,9	71,0

Táboa 17. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito Tecnolóxico (4)

	E.T. Forestal	E. T. Infor. Xes.	G. Enx. Enerxía	G. Enx. Rec. Min.	G. Enx. Tecnol. Comun.	G. Enx. Eléctrica	G. Enx. Agraria
2009-2010	35,8	20,4					
2010-2011	38,3	19,4	34,7	16,7	21,6	16,4	44,0
2011-2012	37,8	21,6	30,8	24,7	20,4	17,4	35,0
2012-2013	36,6	20,4	31,3	22,2	21,0	19,6	48,1
2013-2014	41,5	30	31,3	28,2	21,3	19,2	43,6

Agora imos presentar os datos referidos ao ámbito de Ciencias da Saúde. Na seguinte táboa, pódese comprobar que tanto a diplomatura como o grao de enfermería están moi feminizados, mentres que na titulación de fisioterapia a presenza de homes e mulleres se atopa bastante equilibrada.

Táboa 18. Porcentaxe de mulleres por titulación. Ámbito de Ciencias da Saúde

	D. Enferm.	G. Enferm.	D. Fisioter.	G. Fisioter.
2009-2010	83,3	83,2	61,1	65,9
2010-2011	82,8	83,4	40,0	64,8
2011-2012	77,2	82,9	45,5	59,2
2012-2013	68,4	84,2	50,0	55,7
2013-2014	72,2	83,0	50	50,9

Para rematar este apartado imos presentar os datos de alumnado en máster. Na seguinte táboa preséntase a porcentaxe de mulleres nos máster tendo en conta os diferentes ámbitos de coñecemento. Se ben en liñas xerais se corresponden estas porcentaxes coas titulacións, existen algúns matices. No ámbito de Artes e Humanidades e de Ciencias a presenza das mulleres nos máster é lixeiramente máis baixa que nas titulacións. Porén, é importante salientar que no ámbito da Tecnoloxía hai unha maior presenza de mulleres nos estudos de máster que nas da propia titulación. En Ciencias da Saúde existe unha diversidade importante, xa que son poucos os estudos de máster neste ámbito e a variación anual de persoas matriculadas é clara. A porcentaxe de mulleres en estudos de máster no ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas é moi similar á porcentaxe nas titulacións.

Táboa 19. Porcentaxe de mulleres en máster por ámbito e ano académico

	Artes e Humanidades	Ciencias	C. Sociais e Xurídicas	Tecnoloxía	C. Saúde
2009-2010	63,1	56,4	64,4	28,0	58,5
2010-2011	68,7	53,8	62,5	27,9	68,8
2011-2012	70,4	61,9	61,3	30,7	75,0
2012-2013	66,5	56,0	58,5	30,3	68,8
2013-2014	66,5	55,1	61,3	31,3	83,7

DOUTORAMENTO

Preséntanse nas seguintes táboas as persoas matriculadas en programas de doutoramento desde o curso 2009-2010 ata o curso 2013-2014. O volume total de persoas matriculadas no doutoramento por sexo se corresponde coa presenza de homes e mulleres no alumnado en xeral. Hai que sinalar que a porcentaxe de mulleres matriculadas no doutoramento foi descendendo levemente desde o curso 2009-2010.

Táboa 20. Persoas matriculadas no doutoramento por ámbitos e sexo, 2009-2010

Ámbito	Mulleres	Homes	% Mulleres
Tecnolóxico	97	183	34,6
Artes e humanidades	139	84	62,3
Ciencias	206	103	66,7
Ciencias Sociais e Xurídicas	228	184	55,3
Total	670	554	54,7

Táboa 21. Persoas matriculadas no doutoramento por ámbitos e sexo, 2010-2011

Ámbito	Mulleres	Homes	% Mulleres
Tecnolóxico	104	229	31,2
Artes e humanidades	193	102	65,4
Ciencias	238	150	61,3
Ciencias Sociais e Xurídicas	283	241	54,0
Total	818	722	53,1

Táboa 22. Persoas matriculadas no doutoramento por ámbitos e sexo, 2011-2012

Ámbito	Mulleres	Homes	% Mulleres
Tecnolóxico	57	135	29,7
Artes e Humanidades	193	112	63,3
Ciencias	252	181	58,2
Ciencias Sociais e Xurídicas	282	232	54,9
Total	784	660	54,3

Táboa 23. Persoas matriculadas no doutoramento por ámbitos e sexo, 2012-2013

Ámbito	Mulleres	Homes	% Mulleres
Tecnoloxía	108	258	29,5
Artes e Humanidades	164	84	66,1
Ciencias	247	190	56,5
Ciencias Sociais e Xurídicas	310	270	53,4
Total	829	802	50,8

Táboa 24. Persoas matriculadas no doutoramento por ámbitos e sexo, 2013-2014

Ámbito	Mulleres	Homes	% Mulleres
Tecnoloxía	104	271	27,7
Artes e Humanidades	236	131	64,3
Ciencias	224	186	54,6
Ciencias Sociais e Xurídicas	285	241	54,2
Total	849	829	50,6

Táboa 25. Porcentaxe de mulleres en doutoramento por ámbitos e ano académico

	Artes e Humanidades	Ciencias	C. Sociais e Xurídicas	Tecnoloxía
2009-2010	62,3	66,7	55,3	34,6
2010-2011	65,4	61,3	54,0	31,2
2011-2012	63,3	58,2	54,9	29,7
2012-2013	66,1	56,5	53,4	29,5
2013-2014	64,3	54,6	54,2	27,7

Por outra banda, é interesante deternos nos datos das persoas matriculadas en programas de doutoramento por ámbito. Ao igual que ocorría nos estudos de máster, na maioría dos ámbitos, a presenza de mulleres no doutoramento é inferior a súa presenza na titulación, tal e como acontece para o curso 2013-2014 no ámbito de Artes e Humanidades, no de Ciencias e no de Ciencias Sociais e Xurídicas. No entanto, no ámbito tecnolóxico existe unha maior presenza porcentual de mulleres no doutoramento que na titulación.

Por último se mostran abaixo os datos referentes ás teses lidas desde o ano 2009, incluíndo tanto os planos vellos como os planos novos. Podemos observar que as porcentaxes varían de

xeito importante segundo o ano, alcanzando as mulleres unha porcentaxe de teses lidas elevadas nos anos 2010 e 2012. Como vimos nas táboas anteriores, a porcentaxe de mulleres matriculadas no doutoramento superan durante estes anos o 50%, mentres que na porcentaxe de teses lidas existe unha variabilidade máis importante.

Táboa 26. Teses lidas por sexo e ano

	Mulleres	Homes	% Mulleres	% Homes
2009	57	61	48,30	51,7
2010	71	57	55,5	44,5
2011	61	83	42,4	57,6
2012	84	59	58,7	41,3
2013	73	69	51,4	48,6

Por ámbitos de coñecemento, existen grandes contrastes na porcentaxe de homes e mulleres que leron a tese na Universidade de Vigo.

Táboa 27. Teses lidas por ámbito, sexo e ano

	Artes e Humanidades		Ciencias		C. Sociais e Xurídicas		Tecnoloxía	
	H.	M.	H.	M.	H.	M.	H.	M.
2009	5	10	14	25	15	14	27	8
2010	4	7	11	25	15	20	27	19
2011	8	5	22	24	19	17	34	15
2012	3	11	18	51	15	13	23	9
2013	1	5	27	39	18	19	23	10

Se observamos a seguinte táboa, podemos constatar que nos ámbitos de Artes e Humanidades e no ámbito Científico son maioría, en xeral, as mulleres que len tese fronte aos homes, un reflexo do feito de que estes ámbitos se atopan feminizados. Sen embargo, se ben na matrícula no doutoramento no ámbito Xurídico- Social se atopa feminizado, na lectura de teses hai anos nos que a porcentaxe maioritaria son varóns e outros anos mulleres. No ámbito Tecnolóxico, como vimos recollendo ao longo deste informe, as mulleres son unha clara minoría na lectura de teses aínda que a súa porcentaxe aumentou.

Táboa 28. Porcentaxe de teses lidas por ámbito, sexo e ano

	Artes e Humanidades		Científico		Xurídico- Social		Tecnolóxico	
	H.	M.	H.	M.	H.	M.	H.	M.
2009	33,3	66,7	35,9	64,1	51,7	48,3	77,1	22,9
2010	36,4	63,6	30,6	69,4	42,9	57,1	58,7	41,3
2011	61,5	38,5	47,8	52,2	52,8	47,2	69,4	30,6
2012	21,4	78,6	26,1	73,9	53,6	46,4	71,9	28,1
2013	16,7	83,3	40,9	59,1	48,6	51,4	69,7	30,3

RENDEMENTO ACADÉMICO

Preséntanse a continuación os datos referentes aos premios extraordinarios. En primeiro lugar pódense consultar os premios de fin de carreira da Xunta de Galicia. Se ben existe unha diversidade importante cada ano, o certo é que a porcentaxe de mulleres, sobre todo no curso 2010-2011 e 2012-2013 é moi importante.

Táboa 29. Premios fin de carreira. Xunta de Galicia por sexo e ano¹.

2009-2010		2010-2011		2011-2012		2012-2013	
Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
10	8	5	16	6	6	5	13
55,6	44,4	23,8	76,2	50,0	50,0	27,8	72,2

Na seguinte táboa recóllense os premios fin de carreira e premios extraordinarios de grao outorgados pola Universidade de Vigo. En tódolos cursos, as mulleres son maioría como beneficiarias dos premios.

Táboa 30. Premios fin de carreira e premios extraordinarios de grao. Universidade de Vigo por sexo e ano académico

2009-2010		2010-2011		2011-2012		2012-2013		2013-2014	
Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
19	25	17	36	17	32	21	25	17	39
43,2	56,8	32,1	67,9	34,7	65,3	45,7	54,3	30,4	69,6

¹Só hai datos dispoñibles ata o curso 2012-2013

Neste apartado preséntanse os datos do alumnado e das persoas tituladas pola Universidade de Vigo que participaron no asesoramento laboral a través de entrevistas individualizadas. Como se pode ver na seguinte táboa, o alumnado total que participa nas entrevistas de orientación laboral foi descendendo dun xeito importante desde o ano 2009.

Táboa 31. Participantes en entrevistas individualizadas de orientación laboral

Ano	Tituladas	Titulados	Alumnas	Alumnos	Total
2009	78	56	116	78	328
2010	77	61	113	83	334
2011	21	11	15	5	52
2012	17	18	19	18	72
2013	22	26	20	25	93
2014	22	21	6	24	73

Tal e como se pode observar na seguinte táboa a porcentaxe de mulleres que participan no asesoramento laboral da Universidade de Vigo foi tamén en descenso.

Táboa 32. Porcentaxe de mulleres e homes nas entrevistas de asesoramento laboral

Ano	% Mulleres	% Homes
2009	59,1	40,9
2010	56,9	43,1
2011	69,2	30,8
2012	50	50
2013	45,2	54,8
2014	38,4	61,6

PROGRAMA PARA MAIORES

En segundo termo, presentamos os datos referidos ao Programa para maiores. Desde o curso 2009/2010 a porcentaxe de mulleres, en torno ao 60 %, supera á porcentaxe de homes matriculados, que apenas chegan ao 40 %.

Táboa 33. Programa para maiores por sexo e ano académico

Curso	Mulleres	Homes	% Mulleres	% Homes
2009/2010	200	123	61,9	38,1
2010/2011	234	141	62,4	37,6
2011/2012	241	142	62,9	37,1
2012/2013	289	168	63,2	36,8
2013/2014	284	171	62,4	37,6

Por ámbitos de coñecemento, o de Ciencias Sociais e Xurídicas é o que maior número de alumnado concentra, seguido do ámbito Científico e por último o de Artes e Humanidades aínda que estes datos deben ser matizados polas propias características do Programa para maiores que se desenvolve de xeito distinto ás titulacións ordinarias.

Táboa 34. Programa para maiores por ámbito de coñecemento, 2009-2014

	Artes e Humanidades		Científico		Xurídico- Social	
	H.	M.	H.	M.	H.	M.
2009/2010	20	22	11	30	92	148
2010/2011	19	28	16	34	106	172
2011/2012	20	22	19	31	103	188
2012/2013	22	39	24	59	122	191
2013/2014			43	94	128	190

BOLSAS ALUMNADO

A continuación recolleemos os datos referentes ás bolsas recibidas polo alumnado da Universidade de Vigo. Desde o curso 2009, as mulleres foron maioría como receptoras de Bolsas do MECD, manténdose constante a súa porcentaxe.

Táboa 35. Bolsas concedidas polo MECD por curso e sexo

Curso	Mulleres	Homes	% Mulleres	% Homes
2009/2010	3.166	1.915	62,3	37,7
2010/2011	3.415	2.073	62,2	37,8
2011/2012	3.589	2.185	62,2	37,8
2012/2013	3.509	2.061	63,0	37,0
2013/2014	3.602	2.174	62,4	37,6

Por último, recolleemos os datos de mobilidade de alumnado con respecto ás persoas que chegan á Universidade de Vigo e as que saen. Dentro do programa Erasmus é importante sinalar que chegan case o dobre de mulleres que de homes á Universidade de Vigo, mentres que as saídas dentro deste programa están case equilibradas por sexo. Hai que destacar tamén a porcentaxe de mulleres que saíron no programa Sicue- Séneca (63,8 %) e noutros programas cara fora da Unión Europea.

Táboa 36. Mobilidade de alumnado por sexo, cursos de 2010-2011 a 2012-2013²

	Entrada	Entrada	Saída	Saída
	Home	Muller	Home	Muller
ERASMUS	343	671	912	1.080
MAEC-AECI	10	4		
Outras dentro da UE	4	5	6	2
Outras fóra da UE	159	222	68	89
Outras non clasificadas	32	49	25	35
SICUE-SÉNECA			87	153

²Só hai datos dispoñibles ata o curso 2012-2013

Táboa 37. Mobilidade de alumnado por sexo. Porcentaxe de saídas, cursos de 2010-2011 a 2012-2013³

	% Muller	% Home
ERASMUS	54,2	45,8
Outras dentro da UE	25,0	75,0
Outras fóra da UE	56,7	43,3
Outras non clasificadas	58,3	41,7
SICUE-SÉNECA	63,8	36,3

³Só hai datos dispoñibles ata o curso 2012-2013

PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

Presentamos en primeiro lugar os datos do PDI distribuídos por sexo segundo os últimos datos dispoñibles, en 2014. En total, hai 586 mulleres e 854 homes como persoal docente investigador na Universidade de Vigo.

Táboa 38. Distribución do profesorado por sexo, 31/12/2014

PDI por TIPO	Mulleres	Homes	% M.	Total ETC
Funcionarias/os	300	536	35,8	833,67
Laborais	286	318	47,3	373,93
TOTAL	586	854	40,6	1.207,60

Preséntase a continuación a evolución temporal da presenza de homes e mulleres como persoal docente e investigador desde 2009 ata 2014. Desde o ano 2010 ata o 2014, o volume de homes e mulleres PDI mantense practicamente estable, baixando lixeiramente o seu volume total. A diferenza máis importante entre homes e mulleres PDI atópase na categoría do funcionariado.

Táboa 39. Volume de profesorado por sexo, 2009-2014

	2009		2010		2011		2012		2013		2014	
	H.	M.	H.	M.	H.	M.	H.	M.	H.	M.	H.	M.
PDI Funcionario	565	308	552	303	560	308	560	309	544	307	536	300
PDI Laboral	438	277	441	293	416	294	338	265	301	263	318	286
TOTAL	1003	585	993	596	976	602	898	574	845	570	854	586

Se analizamos as porcentaxes, desde 2009 a presenza de mulleres con respecto aos homes aumentou case catro puntos porcentuais, un aumento que se debe sobre todo ao incremento no PDI laboral.

Táboa 40. Distribución porcentual de mulleres, 2009-2014

	2009	2010	2011	2012	2013	2014
	% M.	% M.	% M.	% M.	% M.	% M.
Funcionarias	35,3	35,4	35,5	35,4	36,1	35,9
Laborais	38,7	39,9	41,4	43,9	46,6	47,4
TOTAL	36,8	37,5	38,1	38,9	40,3	40,7

Táboa 41. Porcentaxe de mulleres e homes PDI. 2009-2014

Ano	% Mulleres	% Homes
2009	36,8	63,2
2010	37,5	62,5
2011	38,1	61,9
2012	38,9	61,1
2013	40,3	59,7
2014	40,7	59,3

Porén, a distribución por categorías e ámbitos do PDI é bastante heteroxénea. En primeiro lugar, expoñemos os datos de PDI por categoría e sexo. É claro que as mulleres son minoría nas categorías máis elevadas, un fenómeno que se repite en todos os anos analizados, desde 2009 ata 2014. As mulleres atópanse en clara minoría como catedráticas, sendo a súa presenza tamén menor na categoría de titulares. En cambio, as mulleres son maioría como contratadas doutoras axudantes doutoras ou interinas.

En primeiro lugar, preséntase os datos para o ano 2014, e a continuación a comparativa desde o ano 2009 ata o 2014.

Táboa 42. PDI por categoría e sexo, 2014

PDI por categoría e sexo	H.	M.	% M.	Doutoras/es	Total ETC
C.U.	103	37	26,4	140	139,27
T.U.	359	226	38,6	585	584,27
C.E.U.	16	9	33,3	25	24,13
T.E.U.	58	28	32,5	9	86,00

T.E.U. (laboral)	4	3	42,8	1	6,27
Contratado/a doutor/a	117	131	52,8	248	248,00
Axudante	4	4	50,0	4	8,00
Axudante doutor/a	19	21	52,5	40	40,00
Asociada/o	150	84	35,9	37	49,93
Emérita/o	2	1	33,3	3	3,00
Lector/a	3	1	25,0	0	3,12
Interina/o	19	38	66,6	12	12,61
Visitante	0	3	100	3	3,00
TOTAL	854	586	40,69	1.107	1.207,60

A continuación, preséntanse os gráficos correspondentes ás categorías que maior profesorado aglutinan, mostrando a súa distribución por sexo. Pódese comprobar que a medida que subimos na categoría, a presenza de mulleres é menor.

Gráfico 8. Catedráticas/os de universidade. Distribución por sexo, 2014




Gráfico 9. Titulares de universidade. Distribución por sexo, 2014




Gráfico 10. PDI contratado doutor. Distribución por sexo, 2014





Gráfico 11. PDI asociado. Distribución por sexo, 2014



Expóñense a continuación os datos de volume de mulleres PDI por categoría referidos desde 2009 ata 2014. En 2014 contamos con 586 mulleres PDI, unha menos que en 2009, e a

distribución de mulleres segue unha tendencia similar ao ano 2009 con pequenos cambios. Aumentan lixeiramente o volume de mulleres catedráticas e titulares de universidade, así como houbo unha importante subida das mulleres como contratadas doutoras e axudantes doutoras. No entanto, descendeu o volume de mulleres asociadas.

Táboa 43. Volume de mulleres PDI por categoría, 2009-2014

PDI por categoría e sexo	Mulleres 2009	Mulleres 2010	Mulleres 2011	Mulleres 2012	Mulleres 2013	Mulleres 2014
C.U.	28	31	34	38	38	37
T.U.	217	217	224	226	228	226
C.E.U.	14	12	11	11	10	9
T.E.U	50	48	43	38	31	28
T.E.U (laboral)	5	-	-	-	3	3
Contratadoa doutora	87	99	99	115	120	131
Axudante	8	4	5	4	4	4
Axudante doutora	9	10	17	17	22	21
Asociada	137	134	123	102	84	84
Emérita	-	-	-	1	1	1
Lectora	4	2	3	2	1	1
Interina	25	39	43	20	26	38
Visitante	1	-	-	0	2	3
TOTAL	585	596	602	574	570	586

É importante analizar estes datos en relación á evolución dos homes nestas mesmas categorías. Neste período temporal, e atendendo á porcentaxe de mulleres nas diferentes categorías con respecto aos homes, hai que sinalar que aumentaron lixeiramente a porcentaxe de mulleres catedráticas e de contratadas doutoras. Porén, aumentaron significativamente a porcentaxe de mulleres nas categorías de axudantes e axudantes doutoras. É significativo tamén que ata o ano 2012 non houbo ningunha muller profesora emérita. Actualmente un 33,3 por cento do profesorado emérito é muller.

Táboa 44. Distribución porcentual de mulleres con respecto aos homes por categoría, 2009-2014

	% M. 2009	% M. 2010	% M. 2011	% M. 2012	% M. 2013	% M. 2014
C.U.	23,3	24,2	23,9	25,9	26,4	26,4
T.U.	38,1	38,1	38,3	38,2	38,7	38,6
C.E.U.	40,0	38,7	37,9	39,3	37,0	33,3
T.E.U	34,0	35,8	36,1	34,5	34,1	32,5
T.E.U (laboral)	55,6	-	-	-	42,9	42,8
Contratada doutora	51,5	48,8	48,5	52,0	51,5	52,8
Axudante	29,6	28,6	45,5	50,0	50,0	50,0
Axudante doutora	47,4	40,0	50,0	50,0	56,4	52,5
Asociada	31,6	32,4	32,0	34,9	35,3	35,9
Emérita	0,0	0,0	0,0	33,3	50,0	33,3
Lectora	66,7	40,0	75,0	100,0	33,3	25,0
Interina	56,8	66,1	69,4	57,1	81,3	66,6
Visitante	33,3	0,0	0,0	0,0	100,0	100,0
TOTAL	36,8	37,5	38,1	39,0	40,3	40,7

Recollendo estes datos, tomaremos a continuación ao 100 % de homes e mulleres PDI, analizando a súa distribución propia por categorías. Deste xeito, e no ano 2014, do total de mulleres PDI, un 6,3 % delas son catedráticas, unha porcentaxe que sube ata o 12,1 % nos homes. En cambio os varóns distribúense de xeito máis minoritario noutras categorías como a de contratados doutores ou interinos.

Táboa 45. Comparativa PDI por sexo e categoría, 31/12/2014

Categoría	% M.	% H.
C.U.	6,3	12,1
T.U.	38,6	42,0
C.E.U.	1,5	1,9
T.E.U	4,8	6,8
T.E.U (laboral)	0,5	0,5
Contratado/a doutor/a	22,4	13,7
Axudante	0,7	0,5
Axudante doutor/a	3,6	2,2
Asociada/o	14,3	17,6
Emérita/o	0,2	0,2
Lector/a	0,2	0,4
Interina/o	6,5	2,2
Visitante	0,5	0
TOTAL	100	100

Preséntanse a continuación a distribución porcentual de mulleres por categorías desde o ano 2009 ata o 2014.

Táboa 46. Distribución do total de mulleres PDI por categoría, 2009 - 2014

Categoría	2009	2010	2011	2012	2013	2014
C.U.	4,8	5,2	5,6	6,6	6,7	6,3
T.U.	37,1	36,4	37,2	39,4	40,0	38,6
C.E.U.	2,4	2,0	1,8	1,9	1,8	1,5
T.E.U	8,5	8,1	7,1	6,6	5,4	4,8
T.E.U (laboral)	0,9	-	-	-	0,5	0,5
Contratada doutora	14,9	16,6	16,4	20,0	21,1	22,4

Axudante	1,4	0,7	0,8	0,7	0,7	0,7
Axudante doutora	1,5	1,7	2,8	3,0	3,9	3,6
Asociada	23,4	22,5	20,4	17,8	14,7	14,3
Emérita				0,2	0,2	0,2
Lectora	0,7	0,3	0,5	0,3	0,2	0,2
Interina	4,3	6,5	7,1	3,5	4,6	6,5
Visitante	0,2	0,0	0,0	0,0	0,4	0,5
TOTAL	100	100	100	100	100	100

A continuación, recolleamos cómo se distribúe o PDI por ámbitos na Universidade de Vigo segundo o último dato dispoñible (decembro 2014). A rama de Ciencias sociais e Xurídicas é a que concentra o maior volume de PDI, en concreto, un 36,3 %; seguida das Enxeñaría, que aglutina ao 24,3 % do persoal docente e investigador, e que temos que lembrar que posúe unha presenza de mulleres moi baixa. En terceiro lugar en importancia sitúase a rama de Ciencias, cun 21,3 %. A continuación, cun 14,4 % do PDI atópase o ámbito de Artes e Humanidades. Por último, e cunha presenza case anecdótica está o ámbito de ciencias da saúde, cun 3,8 %.

Táboa 47. Distribución do PDI por ámbitos de coñecemento, 31/12/2014

	Volume	%
Ciencias da Saúde	54	3,8
Ciencias	307	21,3
Ciencias Sociais e Xurídicas	522	36,3
Tecnolóxico	350	24,3
Artes e Humanidades	207	14,4
TOTAL	1.440	100,0

